

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Mos, 22 de xullo de dous mil vinte catro.

Na sala de reunións da Casa Consistorial de Mos, ás 9:00 horas, réunese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto simplificado, de contrato administrativo de subministro de unha miniescavadora para o Departamento de vías e obras do Concello de Mos, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Nidia María Arévalo Gómez como Presidenta, D. Leo Costas Alonso, Concelleiro delegado de contratación, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, e asegurando a súa intervención por medios electrónicos, Dna M^a Jesús Piñeiro Bello, Interventora municipal, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto.

PRIMEIRO.- A Mesa de contratación en sesión celebrada o 19 de xullo de 2024 procedeu a abrir o arquivo II “DOCUMENTACIÓN TÉCNICA” do candidato que obtivo mellor puntuación, HUNE RENTAL SLU, remitindo a documentación a comprobación dos Servizos Técnicos para determinar, á vista da ficha técnicas da máquina, se esta reúne as características mínimas esixidas segundo o PPT.

En data 22/07/2024 os Servizos Técnicos emiten o seguinte informe:

“INFORME COMPLEMENTARIO

ASUNTO.- OFERTAS SUBMINISTRO de MINIESCAVADORA para o departamento de VIAS e OBRAS.

EXPEDIENTE XESTIONA.- 81/2024.

Con base ao informe emitido pola técnico que subscribe con data 19 de Xullo de 2024 e a ficha técnica da maquinaria TAKEUCKI TB25 achegada ao expediente pola oficina de secretaria, emítense o seguinte informe:

- Existe contradicións entre a ficha achegada pola empresa HUNE RENTAL SLU e a obtida la paxina oficial da citada marca, con respecto ao peso da maquina

MEDIDAS PRINCIPALES	
Peso operativo* (kg)	2.380 (canopy) / 2.520 (cabina)
Anchura total (mm)	1.100 / 1.500**
Medidas principales	
Peso operativo* (kg)	2.530 / 2.395**
Anchura total (mm)	1.100

- Por outra banda, no relativo a forza de escavación, no prego de prescricións técnicas para o subministro da máquina establece:
 - Forza de escavación
 - o Balancín 12,30 kN



o Cuchara 21,00 kN

E nas fichas técnicas sinalase:

Prestaciones	
Velocidad de traslación (km/h)	2,5 (1ª marcha) / 4,2 (2ª marcha)
Velocidad de giro (r.p.m.)	9,7
Potencia en las cuestas (grados/%)	30
Fuerza de arranque cazo (kN)	19,3
Fuerza de arranque balancín (kN)	13,8

PRESTACIONES	
Velocidad de traslación (km/h)	2,5 (1ª marcha) / 4,2 (2ª marcha)
Velocidad de giro (r.p.m.)	9,7
Pendiente superable (grados / %)	30 / 58
Giro del brazo izqda/dcha (°)	75 / 55
Fuerza de arranque cazo (kN)	19,3
Fuerza de arranque balancín (kN)	12,8
Fuerza de arranque brazo (kN)	14,1

Polo que deberase xustificar que se cumpre co establecido no prego, no relativo ao peso da máquina e a forza de escavación.”

SEGUNDO.- En consecuencia, a Mesa, á vista das cuestións suscitadas por este informe, acorda solicitar de HUNE RENTAL SLU. aclaración do peso da máquina ofertada e das condicións da forza de escavación.

A Sra. Alcaldesa Presidenta da por terminada a reunión ás 9,20 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

